




INFORMACIÓN DE COMO AVISAR DUN POSITIVO, USO CORRECTO DOS TEST E RECORDATORIO DO PROTOCOLO COVID


Estimadas familias e compañeiros/as:

Se tedes un caso positivo, a vía de información correcta para que se xere o expediente é chamando ao 881 54 00 45 ou cubrindo o formulario de autodeclaración no seguinte enlace ou a través do código QR da imaxe:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Autodeclaracion-caso-sospeitoso-COVID>

POSITIVO EN TEST DE AUTODIAGNÓSTICO COVID-19
¿CÓMO COMUNICAR EL RESULTADO?
El ciudadano puede optar por una de las siguientes opciones:

-  **881 54 00 45**
-  **Formulario de autodeclaración**
 - En el sitio web:
<https://coronavirus.sergas.es/>
 - A través del código QR:



Colegio Oficial de Farmacéuticos de la Provincia de A Coruña

Procedemento para a realización do test rápido de antígeno en saliva que se entrega aos contactos estreitos de primaria.

- A toma da mostra e a técnica diagnóstica será realizada no domicilio do/a alumno/a.
- Antes de realizar a proba, debe permitirse que o kit e a mostra se equilibren a temperatura ambiente (15-30 °C).

Preparación para a recollida da mostra de saliva:

- Antes de comezar, asegurarse de que o/a neno/a cumpra as seguintes condicións: non comer, beber, cepillar os dentes nin mascar chicle polo menos 30 minutos antes da recolección de saliva.
- Non deixar caer o hisopo nin depositalo sobre ningunha superficie. Isto contaminaría o hisopo e podería causar un mal resultado da proba.

- O/a neno/a deberá respirar profundamente e logo tusir de 3 a 5 veces nun pano desbotable ou no oco do brazo se non dispón de pano.

Recollida da mostra de saliva:

- A recollida dunha mostra de saliva pode tomar de 2 a 5 minutos.
- Antes de cuspir, pechar a boca, relaxarse e fregar intensamente as fazulas durante 40 segundos para xerar saliva.
- Colocar a parte superior do embude preto da parte inferior dos beizos e comezar a depositar a mostra de saliva cusbindo no tubo.
- Recoller 0,5 ml da súa saliva no tubo. Trate de evitar as burbullas.

Pre-tratamento da mostra:

- Sobre a saliva do/a neno/a, agregar o líquido tampón no tubo de recolección de saliva (2/3 do vial do tampón) de líquido tampón no tubo de recolección de saliva. Empregue o contagotas se é necesario.
- Tapar o tubo de recollida de saliva de forma segura.
- Despois de tapar o tubo de recolección de saliva, darlle a volta tres veces para mesturar a mostra co líquido do tubo.
- Esperar 3 minutos.



Carga da mostra no casete de proba:

- Rachar a bolsa de papel de aluminio para abrir, sacar o casete de proba e colocalo en horizontal nunha superficie plana.
- Retirar a tapa superior do tubo de recolección de saliva. Premer suavemente para poñer 3-4 pingas da mestura da mostra na rexión de mostra (S) do casete de proba.


Lectura dos resultados:

Esperar 10-15 minutos, ler o resultado despois de 15 minutos. Non ler os resultados despois de 30 minutos.

Interpretación dos resultados:

Negativo	Aparece unha liña de cor na rexión da liña de control (C). Non aparece ningunha liña na rexión da liña de detección (T). Indica que non se detecta o antíxeno do SARS- CoV-2 e o resultado é ne- gativo.	
Positivo	Aparecen dúas liñas de cor. Sempre debe aparecer unha liña de cor na rexión da liña de control (C) e outra liña na rexión da liña de detección (T). Significa que se detecta o antíxeno do SARS- CoV-2 e o resultado da proba é positivo.	

NOTA: A intensidade da cor das liñas de proba pode variar segundo a concentración de antíxeno do SARS-CoV-2 presente na mostra. Polo tanto, calquera ton de cor na rexión da liña de proba debe considerarse como un resultado positivo.


Inválido	A liña de control non aparece. As razóns máis probables de falta da liña de control son un insuficiente volume de mostra ou unha técnica de procedemento incorrecta. Revise o procedemento e repita a proba cun novo kit.	
----------	---	---

Neste vídeo tamén se explica:

https://www.youtube.com/playlist?list=PLX8gn9E0dsu4iZTJvWI_csVjwEKODPLq4


Aproveitamos para lembravos o novo protocolo a través destas infografías:

AULAS DE INFANTIL E PRIMARIA




4 CASOS POSITIVOS OU MENOS DUN 20% DA CLASE EN SETE DÍAS

OS CASOS POSITIVOS REALIZARÁN ILLAMENTO DOMICILIARIO



Persoas sintomáticas:
Illamento ata levar **tres** días sen síntomas e sempre que pasasen **sete** días desde que estes comezaron.



Persoas asintomáticas:
Illamento de **sete** días desde a toma da mostra que deu positivo.

NON será necesario realizar unha nova proba para acabar o illamento e reincorporarse á actividade.

AULAS DE INFANTIL E PRIMARIA



4 CASOS POSITIVOS OU MENOS DUN 20% DA CLASE EN SETE DÍAS

OS CONTACTOS ESTREITOS DO CENTRO EDUCATIVO



Soamente **realizarán corentena** de **sete** días as persoas **inmunodeprimidas**.



Realizaráselle un **test aos corentenados**.



Non acudir ao centro se tes **síntomas**.



O **coordinador COVID** informará aos profesores e á familia.



Intensificaranse as medidas preventivas.



Durante os 10 días posteriores ao contacto hai que **limitar interaccións sociais** e realizar soamente actividades esenciais como as lectivas.

AULAS DE INFANTIL E PRIMARIA



5 CASOS POSITIVOS OU \geq 20% DA CLASE EN SETE DÍAS

OS CONTACTOS ESTREITOS DO CENTRO EDUCATIVO



CORENTENA.

Excepto se estás vacunado con dobre dose ou pasaches a COVID nos seis meses anteriores. Nestes casos vixilancia.



Realizaráselle un **test aos corentenados**.

AULAS DE SECUNDARIA E BACHERELATO



OS CASOS POSITIVOS deberán illarse **sete** días, estando sen síntomas os últimos **tres** días.



OS CONTACTOS ESTREITOS:

- Os **vacinados** ou **persoas que pasaran a enfermidade** os **seis meses** anteriores non teñen que corentenarse.

Pero teñen que facer **VIXILANCIA dez** días.

- Os **non vacunados** deberán corentenarse **sete** días, estando sen síntomas os últimos **tres** días.



Deberán facerse un **test** as persoas maiores de 70 anos, inmunodeprimidas, embarazadas ou non vacunadas coa pauta completa.

Un saúdo.

A dirección e equipo COVID do CPI As Revoltas.